

ESCOLMA DO MES




ABRIL

LETRAS UNIVERSAIS

Os clásicos son eses libros que nos chegan traendo impresa a pegada das lecturas que precederon á nosa, e tras de si a estela que deixaron na cultura ou nas culturas que atravesaron (ou máis sinxelamente, na linguaxe ou nos costumes).

Son libros que exercen unha influencia particular xa sexa cando se imponen por inesquecibles, xa sexa cando se esconden nos plieques da memoria mimetizándose co inconsciente colectivo ou individual.

O clásico non nos ensina necesariamente algo que non sabiamos; ás veces descubrimos nel algo que sempre souberamos pero non nos decatáramos de que el fora o primeiro en dicilo. E esta é tamén unha sorpresa que dá moita satisfacción, como a dá sempre o descubrimento dunha orixe, dunha relación, dunha pertenza.



Le libros en distintas linguas.

Hai unha pequena escolma preparada para ti no expositor central e moitos outros títulos nos distintos andeis da biblioteca.